

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACORDA A ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NÚMERO 1/09, TRAMITADO POLO PROCEDEMENTO ABERTO, PARA O SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA O EDIFICIO CESGA

Con data 5 de maio de 2009, aprobáronse os pregos de condicións e de prescricións técnicas que rexeron no expediente para a contratación pola Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (en diante, Fundación CESGA), a través do procedemento aberto, do subministro de enerxía eléctrica para o edificio CESGA.

Con data 7 de maio publícase o anuncio de licitación deste expediente no perfil do contratante da entidade, na plataforma de contratación da Xunta de Galicia e foi enviado ao Diario Oficial da Unión Europea.

Rematado o prazo para a presentación de ofertas (o 16 de xuño de 2009, as 14:00 horas), recibíronse no Rexistro interno da Fundación CESGA as seguintes ofertas:

- Unión Fenosa Comercial, S.L., con C.I.F. B-82207275, presentada o 12 de xuño de 2009.
- Hidrocantábrico Energía, S.A.U., con C.I.F. A-33543547, recibida por correo certificado o 15 de xuño de 2009.

O 22 de xuño de 2009 procedeuse ao exame e cualificación da documentación xeral dos licitadores contida no sobre A das súas propostas, observándose defectos ou omisións emendábeis respecto da documentación xeral presentada polo licitador Hidrocantábrico Energía, S.A.U., en concreto non aportou copia do C.I.F. da empresa, polo que, de conformidade coa cláusula 9 do prego de condicións, acordase requirir ao licitador para que presente a documentación subsanatoria do defecto detectado no prazo máximo de tres (3) días hábiles dende que reciba a comunicación por fax do ditado requirimento, con apercibimento da súa exclusión definitiva no procedemento licitatorio no caso de que non emende os defectos sinalados no prazo conferido ao efecto. Con data 24 de xuño de 2009, recíbese a documentación requirida ao licitador. Posto que o documento foi presentado en tempo e forma, e posto que o mesmo é considerado como satisfactorio para a emenda da deficiencia detectada e comunicada, acordouse ter por emendada a deficiencia, polo que todos os licitadores foron admitidos ao proceso de licitación.

O 29 de xuño de 2009 procedeuse á apertura do sobre B (Documentación relativa aos criterios non disponibles de forma automática), contendo as ofertas presentadas todos os documentos esixidos nos pregos. A valoración das ofertas presentadas polos licitadores segundo os criterios cualitativos de adxudicación establecidos no prego de condicións, foi a seguinte:

	Unión Fenosa Comercial	Hidrcantábrico Energía
Auditorías enerxéticas	0	0
Servizos técnicos: asesoramento e formación no mantemento das instalacións enerxéticas	0	0
Asesoramento sobre axudas, subvencións,...	0	0
Información sobre a curva de consumo	1	0,5
TOTAL	1	0,5

O 7 de xullo de 2009, previa convocatoria enviada por fax aos licitadores o día 2 de xullo de 2009, as 10:00 horas, na sede da Fundación CESGA celebrouse o acto público de apertura do sobre C (Documentación relativa aos criterios disponibles de forma automática), ao que asistiron os seguintes licitadores:

Nome do licitador	Nome do representante
Unión Fenosa Comercial	D. Daniel González

No acto público procedeuse á apertura das propostas cuantitativas presentadas polos licitadores admitidos, dándose conta das mesmas e cuxo resultado é o seguinte:

EMPRESA	Prezo Kw/hora	Prazo Inicio subministro
Unión Fenosa Comercial, S.L.	9,4497	Non presenta prazo distinto ao sinalado no prego
Hidrocantábrico Energía, S.A.U.	9,9120	Non presenta prazo distinto ao sinalado no prego

Polo que respecta ás ofertas cuantitativas, o resultado de aplicar as fórmulas indicadas no prego de condicións ás propostas cuantitativas (ofertas económicas) dos licitadores, é o seguinte:

EMPRESA	Prezo Kw/hora	Prazo Inicio suministro
Unión Fenosa Comercial, S.L.	90	0
Hidrocantábrico Energía, S.A.U.	44	0

Ningún dos asistentes ao acto público fixo observación algunha, dándose por concluído o mesmo.

Por conseguinte, e trala valoración das ofertas presentadas polos licitadores segundo os criterios de adxudicación establecidos no prego de condicións, o resultado obtido é o seguinte:

EMPRESA	Criterios non availables automaticamente	Criterios availables automaticamente	TOTAL
Unión Fenosa Comercial, S.L.	1	90	91
Hidrocantábrico Energía, S.A.U.	0,5	44	44,5

Con data 8 de xullo de 2009, a Mesa de Contratación, a vista das puntuacións obtidas polas propostas dos licitadores admitidos, e que se reflicten no cadro anterior, emitiu proposta de adxudicación do contrato a favor da empresa Unión Fenosa Comercial, S.L., por considerar a oferta presentada por ese licitador a máis vantaxosa para cubrilas necesidades de contratación da Fundación CESGA.

Á vista da proposta de adxudicación da Mesa de Contratación, das actas das súas actuacións, e das propostas dos licitadores, e de conformidade coas facultadas que me confiren os Estatutos da Fundación CESGA,

ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar provisionalmente o contrato de subministro de enerxía eléctrica para o edificio CESGA, á empresa Unión Fenosa Comercial, S.L., titular do CIF: B-82.207.275, polo importe (prezo kw/hora) de NOVE EUROS CON CATRO MIL CATRO CENTOS NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (9,4497 €).

Segundo.- Comunicar aos licitadores a adxudicación provisional do contrato.

Terceiro.- Requirir ao adxudicatario provisional para que, no prazo máximo de quince (15) días hábiles dende a comunicación da adxudicación provisional, presente perante ao órgano de contratación os seguintes documentos:

- Certificación acreditativa de atoparse ao día non cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal.
- Certificación acreditativa de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, expedida pola Consellaría de Economía e Facenda.
- Certificación acreditativa de atoparse ao día non cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

- Orixinal do aval constituído como garantía definitiva por importe do 5 por 100 orzamento base de licitación.
- Xustificante de ter formalizada unha póliza de seguro de responsabilidade civil, por un importe mínimo equivalente ao prezo do contrato, para responder dos danos persoais e materiais derivados da execución do contrato. A acreditación realizarase mediante a presentación da copia da póliza e xustificante do pago da prima de contratación do seguro.

Cuarto.- Publicar a presente resolución no perfil do contratante da páxina web da Fundación CESGA.

Fronte a presente resolución cabe interpor, perante ao órgano de contratación e no prazo de dez (10) días hábiles contados a partir dende o día seguinte á publicación da presente resolución no perfil do contratante da Fundación CESGA, o recurso especial en materia de contratación regulado no artigo 37 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Contra a denegación presunta ou expresa do recurso especial en materia de contratación só poderase interpor recurso contencioso-administrativo conforme a Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

En Santiago de Compostela, a 10 de xullo de 2009.



**O Director-Xerente da Fundación Centro Tecnológico de Supercomputación de Galicia – FUNDACIÓN CESGA-
Asdo.: D. Javier García Tobío**